

Estimados profesores e profesoras:

Un ano mais, no comezo do novo curso, o grupo de traballo de Química ponse en contacto con vós para facervos chegar instrucións e orientacións de cara a proba PAU 2026.

Primeiro de todo queremos recordaros que na PAU de 2026, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).

Coa entrada en vigor do Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, a PAU 2025 introduciu a avaliación por competencias no modelo de exame. De cara á PAU 26, o grupo de traballo de Química considera que se debe consolidar o modelo, mantendo a mesma proporción de «competencialidade» que o curso 2025.

De novo para a PAU 2026, **haberá un único modelo de exame, similar ó da PAU 2025**, cunha estrutura que constará de catro preguntas de resposta obrigatoria, de 2,5 puntos cada unha.

- A primeira pregunta sen optatividade nos apartados, será de carácter competencial. O enunciado desta pregunta proporá situacións contextualizadas en contornas científicas da vida do alumnado, onde terá que comparar, deducir ou relacionar, demostrando creatividade, capacidade crítica, reflexión e madurez na interpretación/resolución de problemas para respondela. No caso da materia de Química, esta pregunta competencial *versará sobre os contidos do “Bloque 1. Destrezas básicas da química” e do “Bloque 3. Reaccións químicas”*, que se recollen no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- As outras tres preguntas serán de carácter similar as das antigas probas ABAU e coa seguinte optatividade (idéntica a da proba PAU 2025): a pregunta 2 terá dous primeiros apartados de resposta única e un segundo apartado con posibilidade de elección entre dous subapartados, e as preguntas 3 e 4 terán ambas posibilidade de eleccións entre dous subapartados. *Cando unha pregunta inclúa a posibilidade de elixir entre varios apartados, soamente se corraxirá a primeira opción que se responda e non apareza totalmente tachada.*

Na web do grupo de química podedes atopar a seguinte documentación:

1. ORIENTACIÓNS XERAIS.

Engloban unhas consideracións previas e orientacións xerais, para cada bloque da materia, realizadas polo grupo de traballo, que son a base sobre a que se elaborará a proba PAU 2026.

2. NORMAS DO EXAME E CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

É importante que o alumnado sexa coñecedor dos mesmos antes da realización da proba.

3. MODELO DE EXAME.

O modelo de exame é o mesmo có da PAU 2025. Na web está dispoñible o modelo do ano pasado. Recordar que os datos necesarios para a resolución dalgunha das preguntas estarán dispoñibles no propio exame, e que tamén se lles proporcionará a táboa periódica que aparece na web.

4. INDICACIÓNS PARA A FORMULACIÓN.

A nomenclatura e formulación dos principais compostos orgánicos e inorgánicos, rexerase polas recomendacións que propón a IUPAC. Na web hai dispoñible un documento onde se recollen as indicacións entendidas como de mínimos de cara á proba PAU 2026.

5. VALORACIÓNS DAS PAU 2025.

O grupo de traballo considera este resumo moi importante e de gran axuda para todos vós: este resumo dos resultados da proba da convocatoria 2025 de xuño e xullo, elabórase a partir do informe individual que fai cada corrector de Química unha vez remata a corrección, no que se inclúen os erros máis comúns detectados polos correctores.

6. EXEMPLOS DE TIPOS DE EJERCICIOS DE CARÁCTER COMPETENCIAL

Documento onde se recollen algúns exemplos de exercicios de carácter competencial que se poden propoñer nunha proba PAU. Sen embargo, aínda que neste documento se recollen exercicios relacionados cos distintos bloques da materia, unha vez máis recordamos que neste curso da PAU 2026, como se indica ó comezo do documento, este tipo de exercicios *serán cuestións relacionadas unicamente sobre os contidos do Bloque 1 e 3*.

7. TÁBOA PERIÓDICA.

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión. Moito ánimo para este curso.

Recibide un cordial saúdo,

O Grupo de Traballo de Química